



Abrimos este espazo dedicado a compartir cos nosos seareiros algúns libros merecentes, ao noso xuízo, de divulgación de acordo con parámetros de calidade e interese que o noso equipo editorial decidirá. Perseguimos con esta iniciativa dous obxectivos. Por unha banda pór a disposición dos nosos amigos escritos que, posiblemente, non atoparían noutras canles. Pola outra, proporcionarlles a escritores (noveles ou non) a oportunidade de dar a coñecer a súa obra e sometela á consideración dos lectores que adoitan visitarnos.

O libro de enceto ten unha compoñente moi entrañable, pois recolle os traballos, feitos con dedicación e cariño, dun grupo de persoas adultas que se decidiron a mellorar a súa capacidade para a creación de textos literarios da man da poeta Marta Dacosta e expoñen aquí a súa obra chea de sensibilidade que acada en moitos casos cotas de calidade propias de escritores con maior dedicación. Titúlase *Desenvolvendo o nobelo*, título que fai mención a unha imaxe creada por Marta:

Escribir é...

atopar a punta do fío axeitado e tirar del até desfacer o nobelo.

Despregar diante de nós esa sucesión de palabras que constrúe o edificio do texto e abriga as ideas.□

Oxalá este primeiro libro teña o éxito que todos desexamos e sexa o comezo dunha frutífera colaboración de persoas con inquedanzas literarias.

{jathumbnail off}

Descargas

Libros dixitais do IEM: “Desenvolvendo o nobelo” abre unha nova iniciativa editorial

Escrito por IEM

Xoves, 22 Xaneiro 2015 23:56



Libros dixitais do IEM: “Desenvolvendo o nobelo” abre unha nova iniciativa editorial

Escrito por IEM

Xoves, 22 Xaneiro 2015 23:56



Libros dixitais do IEM: “Desenvolvendo o nobelo” abre unha nova iniciativa editorial

Escrito por IEM

Xoves, 22 Xaneiro 2015 23:56



Libros dixitais do IEM: “Desenvolvendo o nobelo” abre unha nova iniciativa editorial

Escrito por IEM

Xoves, 22 Xaneiro 2015 23:56

